

A verba dos invertebrados

Isidro Novo regresa á narrativa breve

Isidro Novo publica na editorial Trifolium un feixe de relatos baixo o título *Cabalos do demo e outros invertebrados*. Neste libro, o poeta e narrador recupera varios relatos para crear unha obra que parte das lembranzas infantís dos tempos idos.

Esa é a esencia da primeira das pezas literarias que Isidro xunta para Trifolium. O seu título é *Cabalos do demo* e nela subxace a lembranza real das estadias infantís e adolescentes do autor na bisbarra viveirense á que pertence a súa familia. O relato foi gañador do IV Certame Manuel Murguía de Narracións Breves alá polo ano 1995. Os outros catro relatos compoñentes do libro foron escritos para diferentes conmemoracións, sendo o derradeiro publicado no seu día nun xornal galego.

Con este libro, Isidro Novo regresa aos estantes da librería con este conxunto de relatos que retrata unha forma de entender

'Cabalo do demo e outros...'

Isidro Novo
Trifolium, 2010
15,00 €



Isidro Novo

a literatura diferente, concreta e estable. Agora mesmo, o autor está a percorrer Galicia para presentar este *Cabalo do demo e outros invertebrados*.

O seu balbucir na escrita é no idioma castelán, pero cando toma conciencia da propia identidade, o

galego convértese na súa única lingua voluntaria. *Teaza de brétema*, publicado en 1994, sería o seu primeiro título individual. Seguiríalle o western *Por unha presa de machacantes* e a continuación *Carne de can*, un feixe de oito relatos, e o libro de poemas *Dende unha nada núa*. No 99 sae a rúa *Antollos de Eimarmena*, de narrativa curta, e logo de catro anos sen publicar, aparecerán, consecutivamente, as novelas: *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. No ano 2007 ve a luz un libro de poemas da súa autoría titulado *Esteiro de noites falecidas* e en 2009 sairá publicada a súa tradución ao galego da novela de Benito Vicetto *Los Hidalgos de Monforte*.